



## UNIDADE 4

# Boas novas

Interésese por saber como adoitan acceder á información de actualidade os seus alumnos, facéndolles as seguintes pregunta: **Vedes as novas na televisión? Escoitades a radio? Comprades xornais? Ledes algún xornal dixital?**

A continuación, pídalles que se fixen na fotografía da portadiña e pregúntelles se coñecen o xornal que está lendo o rapaz (Xornal de Galicia) ou algún outro dos que se editan en Galicia. Se lle parece ben, pode preguntarlles tamén se saben algo da nova que aparece na imaxe: o primeiro transplante de cara, mandíbula e lingua no mundo, realizado por un cirurxián valenciano. De todos os modos, se non o considera relevante, pode optar por iniciar un remuíño de ideas acerca das noticias importantes da xornada.

Dígalles que nesta unidade se van familiarizar cos textos xornalísticos e que, como tarefa final, redactarán unha nova.



### 1. NOTICIAS DE ONTE

**Relacionar unha serie de titulares coas seccións do xornal nas que poderían aparecer. Comentar novas.**

#### OBSERVACIÓNS PREVIAS

De ser posible, leve á clase xornais diversos para que, se os seus alumnos non estiveren familiarizados cos xornais en galego, poidan comezar a acostumarse coa localización das distintas seccións, a atopar con rapidez a carteleira ou a previsión do tempo etc.

É probable que a meirande parte das mostras que teña ao seu dispor estean en castelán, pero teña en conta que é posible presentarlles aos estudantes algúns exemplares da oferta xornalística existente en Galicia, impresos completa ou maioritariamente en galego. Ademais, poderá ampliar a cantidade de mostras utilizando, por exemplo, impresións dos xornais dixitais que empreguen o galego de xeito predominante.

#### ANTES DE COMEZAR

Agrupe os seus alumnos en parellas e déalle a cada unha un xornal. Deseguida, pregúntelles se saben como se denominan a primeira páxina e o reverso da última (**portada** e **contraportada**, respectivamente). A continuación, pídalles que anoten nun papel os nomes das distintas seccións na mesma orde en que aparecen no xornal. Asegúrese de que entenden cada un dos nomes (se teñen algunha dúbida, o contido da sección pode axudalos a comprender o significado).

Logo, anímeos a que comparen as listas de seccións dos distintos xornais: **Son as mesmas? Aparecen na mesma orde?** Se non son galegos, pregúntelles se no seu lugar de orixe os xornais teñen as mesmas seccións e se estas teñen a mesma importancia que aquí.

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Agora que xa teñen unha listaxe das seccións e coñecen o significado de cada unha delas, pídalles que lean os titulares que figuran en "Cronoloxía de noticias". Déalles uns minutos para que os lean individualmente e, deseguida, axúdeos a resolver as dúbidas de comprensión que puidesen ter. Anímeos logo a que deduzan o significado do vocabulario novo polo contexto, sen recorrer ao dicionario.

Despois, pídalles que relacionen cada titular coas seccións do xornal. Antes de realizar unha corrección, anímeos a compararen as súas respostas coas dun compañeiro.

#### Solución

1981 – Galicia  
1983 – Saúde

1982 – Cultura  
1986 – Tecnoloxía

1989 – Internacional

1993 – Cultura

1997 – Saúde/Internacional

2001 – Internacional

2005 – Internacional

2008 – Economía

1991 – Internacional

1996 – Economía/Galicia

1999 – Economía

2004 – Internacional

2006 – Deportes

2009 – Saúde

Se lle parece conveniente, pídalles aos seus alumnos que localicen os tres titulares nos cales non figura ningún verbo (os correspondentes aos anos 1981, 1996 e 2004) e pregúntelles que verbos poderían aparecer para falar desas accións.

#### Solución (suxestión)

1981: : *ter lugar, levar a cabo*

1996: *haber, ocorrer, producir*

2004: *producir, haber, ocorrer*

**B.** Suxerímoslle que distribúa os estudantes en grupos de catro e que se asegure de que cada grupo dispón dun dicionario. Comprobe, ademais, que todos eles entenden o significado do vocabulario proposto.

A continuación, pídalles que pensen na nova máis importante para o seu lugar de procedencia nos últimos anos e propóñalles que o comenten entre todos.

**C.** Agora, pídalles que fagan o mesmo que fixeron no ítem B, pero pensando en novas de ámbito internacional. Aproveite para fomentar unha charla con preguntas como: **Que nova recordades con máis intensidade e por que? Como soubestes da noticia?**

#### E DESPOIS

Recorte algunhas novas curtas de xornais en galego e sepáreas dos seus titulares. Faga fotocopias de todos os titulares nunha folla e, noutra, de todos os textos. Entréguelle logo un xogo das fotocopias a cada alumno para que relacionen o texto co seu titular. Recórdelles que non é necesario que entendan todo o vocabulario. Se comprenden o significado global de cada noticia, poderán relacionala co titular correspondente.

## 2. UN XORNAL

**Ler unhas noticias e asocialas co seu contido. escoitar unhas informacións televisivas e relacionas coa nova correspondente.**

#### ANTES DE COMEZAR

Preséntelles aos seus alumnos a portada deste xornal dixital imaxinario e déixelles tempo abondo para que lean os titulares e as entradiñas das novas.

Interésese por saber se adoitan ler as novas no xornal e se logo as volven oír pola radio ou pola televisión. escoite as súas respostas e aproveite para dicirlles que ler as novas nun xornal ou en Internet é unha boa estratexia para despois comprender mellor os noticieros cando os escoitamos, sexa da radio ou da televisión.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Pídalles que lean individualmente as novas do xornal imaxinario e que as relacionen coas frases do cadro. Cando teñan feita a tarefa, permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro e, logo, proceda a unha corrección entre todos. Aclare, de non se apercibiren, que as novas tamén son imaxinarias e a maioría delas moi pouco factibles

**Solución**

1. 3; 2. 9; 3. 2; 4. 5; 5. 4; 6. 6; 7. 7; 8. 1; 9. 8

**B.** Infórmeos de que agora van escoitar algunhas das novas do ítem A en versión televisiva. En primeiro lugar, deberán poñer no cadro o número correspondente á noticia da que se fala en cada caso. Poña a audición unha vez e, se o considera necesario, volva poñela antes de que os estudantes comparen as súas respostas en parellas.

A continuación, realice unha corrección conxunta e, unha vez identificadas as noticias, pídalles que as volvan ler no xornal dixital. Logo, volva poñer a gravación e pídalles que escriban a información nova, é dicir, a que non aparecía no texto escrito do xornal, respecto de cada noticia.

**Solución (suxestión)**

- NOTICIA 5. Preténdese que as instalacións sexan unha referencia para toda Galicia e un atractivo para os turistas e para toda a comunidade. Varios colectivos manifestaron que a Cidade da Cultura aínda presenta moitas incógnitas en relación cos seus contidos e non se sabe a orientación que terán algúns dos seus edificios.*
- NOTICIA 3. O ministro de economía anunciou tamén un aumento nas axudas aos desempregados. O líder da oposición dixo que tales medidas son unha estratexia claramente electoralista porque están a dous meses das eleccións xerais.*
- NOTICIA 8. Coa liña de metro aténdese unha antiga reivindicación da sociedade, que pasa a ter un sistema de transporte completo. O traxecto unirá de norte a sur a cidade en dez minutos e contará con seis estacións. O alcalde quere que haxa ampliacións futuras que tamén faciliten a conexión de Vigo coa súa área metropolitana.*
- NOTICIA 1. Esta resolución é un paso moi importante na desnuclearización do planeta. As Nacións Unidas enviarán observadores internacionais a todas as partes, para comprobar que se desmantelen adecuadamente as instalacións.*

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 99, exercicios 1 e 2.

**3. FEITOS E DATAS**

**Responder un cuestionario e reflexionar sobre as formas e o emprego das construcións pasivas.**

**ANTES DE COMEZAR**

Pregúntelles aos seus alumnos cales son as seccións de xornais que lembran. É probable que non teñan dificultades en recordalas, xa que as estiveron repasando nas actividades 1 e 2. De todos os xeitos, se non mencionan a de **pasatempos**, engádaa vostede e escribaa no encerado. A continuación, pregúntelles que tipo de contido cren que se pode atopar nesta sección e, de ser necesario, aclare que adoita conter actividades para distraerse (literalmente, pasar o tempo), como xogos e tests, xeralmente asociadas a informacións sobre coñecementos xerais de vocabulario, historia, xeografía, cultura...

Interésese logo por saber se lles gusta esta sección do xornal e que tipo de pasatempo prefiren para entreterse.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Coméntelles aos estudantes que van ler un cuestionario ou test moi similar aos que se poden atopar nunha sección das que acaban de falar. Dígalles que o cuestionario se compón de nove preguntas relacionadas co contorno galego e que poderán contestalas, en parellas, marcando a resposta que consideren correcta en cada caso.

Déixelles tempo suficiente para que o fagan e proceda logo a unha corrección entre todos.

**Solución**

- |          |         |
|----------|---------|
| 1. 1999  | 2. 2000 |
| 3. 1985  | 4. 1    |
| 5. 1995  | 6. 2001 |
| 7. 1980  | 8. 1987 |
| 9. XVIII |         |

**B.** A continuación, convide os estudantes a reflexionaren sobre as estruturas que figuran na voz pasiva, preguntándolles: **Para que credes que serven e como se forman?** No caso de que non dean coa resposta, explíquelles que algunhas veces **a intención do falante é resaltar o obxecto (a persoa ou cousa que recibe a acción) ou resaltar esa acción** e que, para iso, existe en galego, entre outros recursos, este tipo de construción, que se denomina voz pasiva. Ademais, fágalles ver que esta estrutura se forma co verbo **ser** seguido dun **participio**.

**C.** Antes de seguir coa reflexión sobre a devandita construción, pídalles que se fixen nos catro contextos

que se ofrecen e preguntélles en cales deles cren que poden aparecer frases como as do cuestionario que acaban de responder. Déalles un par de minutos e faga unha posta en común.

## Solución

*Nunha enciclopedia.  
Nunha nova no xornal.  
Nun libro de historia.*

A continuación, preguntélles aos seus alumnos: **Que teñen en común estes contextos?** Escoite as súas respostas e asegúrese de que entendan que se trata de contextos de **lingua escrita e formal**, na que estas construcións son máis frecuentes (na lingua falada son menos habituais). A seguir, remítaos á epígrafe “Construcións pasivas e impersoais” da sección de gramática, na páxina 37, e repase con eles o contido referente á voz pasiva. Logo, convídeos a reflexionaren sobre os seguintes puntos:

- a flexión de xénero e número do participio;
- a posibilidade de conxugar o verbo *ser* en diferentes persoas, tempos e modos verbais;
- a presenza ou non do complemento axente (sempre introducido pola preposición *por*).

**D.** Dígalles agora que van ler algúns datos sobre un xornal dixital e que terán que completar as informacións cunha das formas verbais dos cadriños. Indíquelles que o fagan individualmente e, pasado un momento, faga unha corrección entre todos.

## Solución

*1. foi visitada; 2. serán lidas; 3. é visitada;  
4. foi escrito; 5. é utilizado.*

Finalmente, remita outra vez os seus alumnos á epígrafe “Construcións pasivas e impersoais” da sección de gramática, na páxina 37, e reflexione con eles sobre o funcionamento dos demais recursos que se ofrecen para resaltar o obxecto ou a acción da frase (verbo en **3.<sup>a</sup> persoa** + o pronome **se** e verbo na **3.<sup>a</sup> persoa do plural**).

## MÁIS EXERCICIOS

Páxina 99, exercicios 3 e 4.  
Páxina 100, exercicio 6.

## 4. SOUBÉCHELO?

**Escoitar catro conversas nas que se comentan unhas novas. Observar os recursos que se empregan para referirse a unha nova.**

## OBSERVACIÓNS PREVIAS

Ao final desta actividade, suxíreselles aos estudantes que comenten novas recentes para que practiquen os recursos que observaron nos ítems anteriores. Tendo

en conta a posibilidade de que algúns deles non lesen o xornal recentemente, suxérimoslle que conserve os xornais e noticias que levou para a realización da actividade 1.

## ANTES DE COMEZAR

Preguntélles aos seus alumnos se coñecen o significado dos verbos **retirarse**, **dimitir** e **afundir** e, se o considera necesario, pídalles que fagan algunhas frases empregándoos.

## PROCEDEMENTOS

**A.** Dígalles aos estudantes que van escoitar catro conversas moi breves e que, en cada unha delas, dous amigos comentan unha nova. Pídalles que anoten o que pasou en cada caso. Poña unha vez a gravación e, logo, anídeos a compararen as súas respostas en parellas. Se observa que tiveron dificultades, volva poñer o audio e, ao final, corríxao nunha posta en común.

## Solución

- 1. Un futbolista, Fernando, retirárase.*
- 2. Unha persoa, García, dimitiu por cobrar comisións ilegais.*
- 3. Inventaron en Xapón un tecido que protexe do frío e da calor.*
- 4. Un barco afundiú preto da Costa da Morte.*

**B.** Dirixa agora a atención dos seus alumnos á transcripción das conversas. Coméntélles que neste tipo de diálogo o falante fai referencia a un tema que comparte ou cre compartir co seu interlocutor: **o de Xaime** = o que lle ocorreu a Xaime (por exemplo, que lle tocou a lotería ou que perdeu o traballo). Despois, dígalles que volverán escoitar a gravación e indíquelles que completen as frases.

## Solución

- 1. o de*
- 2. do de*
- 3. o que*
- 4. co do*

A continuación, remítaos á epígrafe “Referirse a un tema xa coñecido” da sección de gramática, na páxina 37, e guíeos para que se fixen no emprego das estruturas. Se observa que aínda teñen dúbidas, facilítelles máis exemplos ou pídalles que os suxiran eles mesmos. Para que se fixen mellor, anóteos no encerado e subliñe as ditas estruturas.

**C.** Distribúa os seus alumnos en parellas ou en grupos de tres. A seguir, propónlles que compartan a información que coñecen respecto das novas que saíron nos distintos medios de comunicación recentemente. Pasee pola clase e vaia tomando notas das noticias que comentan as diferentes parellas, para escribilas logo no encerado.

Despois, poderá comprobar se todos os estudantes

comparten todas as novas que apuntou, formulándolles preguntas como a do modelo suxerido: **Soubestes o de/do/da...?**

No caso de que os seus alumnos non lesen o xornal nin oísen novas recentes por outros medios de comunicación, pode utilizar os xornais que vostede levou á aula para a realización da actividade 1. De non dispoñer de xornais, remítaos ás noticias da páxina 35, para que, a partir delas, poidan practicar as estruturas que acaban de estudar.



## 5. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

**Falar de hábitos relacionados cos medios de comunicación, a partir dun cuestionario.**

### PROCEDEMENTOS

**A.** Convide os estudantes a leren os tres bloques de preguntas que fan referencia, respectivamente, á televisión, á radio e á prensa. Pódelles suxerir que fagan primeiramente unha lectura superficial, para detectaren se hai vocabulario que descoñecen e aclaralo, e que logo contesten o cuestionario.

**B.** Agora pídalles que formen parellas e que comenten co compañeiro as súas respostas. Asemade, anímeos a que falen doutros temas que non foron abordados, relacionados con este ámbito. Ao final, centre a súa atención na mostra de lingua e leve a cabo unha posta en común, na que cada estudante lle conte ao resto da clase cales son os hábitos do seu compañeiro no que atinxe aos medios de comunicación.

**C.** Pregúntelles aos seus alumnos cal cren que é a función dos medios de comunicación na sociedade. Logo de escoitar as súas opinións, anímeos a leren as seis afirmacións propostas e a marcaren aquelas coas que están máis de acordo.

Despois, propóñalles que compartan a súa opinión cos demais compañeiros. Pídalles, ademais, que xustifiquen a súa postura ou o seu argumento e que acheguen exemplos concretos.

### E DESPOIS

Como tarefa para a casa, propóñalles aos estudantes que poñan por escrito a opinión que acaban de defender na clase, como se a fosen enviar á sección “Cartas ao director” dun xornal. Na clase seguinte, recolla os seus textos e léveos para facer unha corrección pormenorizada das súas producións.

## 6. NOVAS

**Reflexionar sobre o contido e a estrutura dunha nova. Inventar un titular de noticia a partir dunha foto.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Procure fotografías en revistas ou xornais que poidan inspirar claramente unha nova que podería aparecer na portada dun xornal e léveas á clase.

### ANTES DE COMEZAR

Coméntelles aos seus alumnos a regra xornalística que di que unha nova debe responder as preguntas **quen, que, cando, onde, por que, para que e como** (aínda que non sempre nesta orde), seguindo a regra da pirámide invertida (información de maior a menor interese). Engada que unha nova sempre comeza co **titular**, que recolle o feito máis importante. Pódelles explicar tamén que o primeiro parágrafo, denominado **entradía**, é o que proporciona a información principal.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles agora que, individualmente, lean a noticia “Unha final desigual” e que procuren no seu contido as respostas para as preguntas mencionadas anteriormente. Concédalles o tempo necesario e corríxao logo nunha posta en común.

### Solución

**Cando?** *Esta noite, ás nove menos cuarto.*

**Onde?** *Na Coruña.*

**Que?** *A final da Liga de Campións.*

**Quen?** *O Real Club Marítimo e o Atlético Esportivo.*

**Por que?** *(É desigual) porque un equipo recupera a súa estrela, Jaroslav, mentres que outro equipo ten que xogar sen o seu mellor xogador, Rogerio, porque está lesionado.*

**B.** Colgue no encerado as fotografías que levou á clase ou utilice as tres que se ofrecen no libro. A continuación, pídalles que escollan unha e que, en parellas, inventen un titular para unha nova que puidese estar ilustrada por esa fotografía. Déixelles uns minutos para facelo e, logo, pídalle a cada parella que lles conte aos demais compañeiros a foto que escolleu e o titular que lle puxo.

### E DESPOIS

Propóñalle a cada parella que desenvolva unha nova que corresponda co titular que crearon. Indíquelles que, primeiramente, deberán escoller o formato ou o soporte da noticia: artigo de prensa, noticia de radio ou de televisión. Recórdelles tamén que deben asignarlle á súa nova unha entradía e redactar a información seguindo a orde da pirámide invertida, contestando na medida do posible as preguntas **quen, que, onde** etc.

Cando remataren, propóñalles que lles presenten a súa nova aos demais compañeiros. Logo, poderán elixir a que lles pareceu mellor.

## 7. PERO TI QUE CONTAS?

**Escoitar unha nova e contarlla ao resto dos compañeiros.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para reducir o tempo que os seus estudantes están fóra da clase, déalles a instrución sobre o proceso da audición ao principio da actividade, cando aínda están todos xuntos.

### ANTES DE COMEZAR

Dígalles aos seus alumnos que van traballar en dous grandes grupos, A e B, e que cada grupo escoitará unha noticia radiofónica sobre algo que ocorreu en Palandia, un país imaxinario. Deseguida, anote no encerado as preguntas vistas na actividade 6 (**quen, que...**).

### PROCEDEMENTOS

**A.** Distribúa os estudantes en dous grupos (A e B). A continuación, pídalles aos membros do grupo A que abandonen a aula e recórdelles aos do grupo B que, ao oíren a noticia, deberán anotar a información que conteste as preguntas do encerado. Logo, pónalles a gravación.

Deixe que intercambien a información que anotaron e volva poñer a audición. A seguir, realice unha posta en común, na que acepte todas as respostas que lle dean os seus alumnos, sempre que se correspondan coa información da gravación, aínda que non se trate de citas literais.

### Solución

*Sonia Margulis, do Partido da Muller, gañou as eleccións en Palandia con máis do 88% dos votos. Está moi satisfeita e prometeu traballar pola igualdade entre homes e mulleres, polo que vai formar un goberno composto por dez homes e dez mulleres.*

**B.** Faga que entren os estudantes que están fóra e que cada un sente con algún dos que quedaron escoitando a nova. Dígalles aos alumnos do grupo B que lles conten a noticia aos seus compañeiros e, cando rematen, pídalles a cada parella que escriba a noticia.

**C.** Agora pídalles aos alumnos do grupo B que saian da aula, mentres os do grupo A quedan dentro para escoitar outra nova. Dígalles que nesta ocasión van escoitar unha nova sobre unha persoa famosa de Palandia. A continuación, repita os procedementos de A e de B.

### Solución

*Sonia Margulis,*

### E DESPOIS

*Deuse a coñecer o testamento de Samuel Müel, famoso modisto e deseñador, un dos homes máis ricos de Palandia. Deixoulle a súa fortuna de máis de 80 millóns de euros á Asociación de Animais do seu país. A familia*

*mostrou a súa decepción e anunciou que vai levar o caso á xustiza. Müel fíxose rico e famoso nos anos 90 porque foi o primeiro deseñador de complementos para cans, gatos e cabalos.*

Para rematar, proporciónelles unha fotocopia da transcripción das gravacións (p. 153), para que as comparen coas súas producións.

## 8. O XORNAL DA CLASE

**Inventar unha nova de prensa, radio ou televisión.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se dispón dunha gravadora ou dunha cámara de vídeo, léveos á clase para rexistrar as producións dos seus alumnos.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Distribúa os seus alumnos en parellas (de ser posible, coide que non sexan as mesmas da actividade anterior). A continuación, dígalles que entre todos van crear o “Xornal da clase”, para o que cada parella vai inventar unha nova. Explíquelles que, primeiramente, deberán escoller a sección na que poñerán a noticia, o formato ou o soporte (prensa, radio ou televisión) e, finalmente, terán que contestar as preguntas **quen, que** etc.

**B.** A continuación, anímeos a redactaren as noticias e, mentres o fagan, estea pendente para axudalos coas dúbidas que puidesen ter. Cando teñan os textos rematados, indíquelles que as noticias de radio se poderán gravar, as de televisión poderán ser filmadas e as de prensa poderán colocarse na parede.

Por último, e tras a lectura (ou a emisión) de todas as novas, pídalles que escollan a máis orixinal, a máis divertida e a máis surrealista.



## 9. HÁBITOS RADIOFÓNICOS

**Ler os testemuños de catro persoas sobre os seus hábitos radiofónicos. Comentar os propios hábitos e comparalos cos das testemuñas. Escoitar un programa de radio e comentalo.**

### ANTES DE COMEZAR

Centre a atención dos estudantes na imaxe da parte superior dereita da páxina 40 e pídalles que a describan. Seguramente non terán dificultades en dicir que se trata dunha radio, conectada neste momento a unha emisora de FM. Aproveite para

preguntarlles se saben que diferenza hai entre AM e FM e, se non dan coa resposta, coméntelles brevemente que se trata de sistemas de modulación da amplitude e da frecuencia do sinal de transmisión dunha radio (amplitude modulada e frecuencia modulada, respectivamente).

### **PROCEDEMENTOS**

**A.** Dígalles agora aos seus alumnos que as catro persoas que figuran na actividade comentan, nos respectivos textos, os seus hábitos radiofónicos. Convídeos a lelos e, cando remataren, indíquelles que, en parellas, deben falar sobre o contido dos testemuños lidos. Deberán, ademais, dicir se adoitan escoitar a radio e se coinciden con algunha desas persoas. Déixelles tempo abondo e ánimoos logo a comentaren entre todos as súas experiencias e preferencias respecto dese medio de comunicación.

**B.** A continuación, pregúntelles se coñecen todos os programas mencionados polas testemuñas de A. Despois, pídalles que lean, individualmente, a programación da Radio Galega, á dereita. Cando terminaren, pídalles que, en parellas ou en grupos de tres, escollan un dos programas da grella e que o escoiten por Internet. Logo, anime a cada grupo ou parella a presentarlles o programa que escoitaron aos demais compañeiros da clase. Dígalles que deberán comentar que tipo de programa é, se lles gustou ou non e por que.

Se no centro onde vostede imparte as clases de galego non dispón de conexión a Internet ou de ordenadores suficientes para todos os grupos, pídalles aos estudantes que realicen esta parte da actividade como tarefa para a casa.

Outra alternativa é que grave vostede previamente algúns fragmentos dos respectivos programas. Así poderá levalos logo á aula, para que os estudantes poidan realizar a tarefa completa na clase, sen necesidade de conexión á rede.

